



BANDO MUNICIPAL QUE REGULA AS ACTIVIDADES REFERIDAS A GRELLADAS, CHURRASCADAS, SARDIÑADAS E SIMILARES E AS OUTRAS ACTIVIDADES PROPIAS DAS FESTAS DE SAN XOÁN

Prezadas veciñas e veciños,

Coa chegada da época estival e do maior uso da vía pública para realizar actividades recreativas, informo das pautas que deberán seguirse para levar a cabo sardiñadas, churrascadas, grelladas e similares para celebrar as festas de San Xoán e evitarlle así riscos innecesarios e molestias á veciñanza. Deste xeito, poderemos desfrutar dunha cidade que coide a boa convivencia, o respecto e a tolerancia, así como corresponsabilizarnos como cidadanía para evitar e alertar ante calquera manifestación que vulnere a liberdade e o gozo das persoas atendendo especialmente ás violencias machistas, LGTBI fobias, racistas ou xenófobas.

Así, facendo uso da facultade que me concede o artigo 124, letra g, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

FAGO SABER:

FESTAS DE SAN XOÁN

1. SARDIÑADAS, CHURRASCADAS OU SIMILARES

- Permítese realizar sardiñadas, churrascadas ou similares en espazos de titularidade pública. **As datas para a dita autorización van desde o venres 12 de xuño de 2026 até o luns 29 de xuño de 2026 (ambos incluídos).** Para isto, será preciso que as persoas interesadas presenten unha **comunicación previa** por escrito á Área de Seguridade Cidadá, cunha antelación mínima de **48 horas** da realización da actividade.
- O Concello dispón na súa sede electrónica do procedemento para a presentación da comunicación previa (<https://www.corunha.gal/sanxoancomunicacionprevia>), no que poderá consultarse a información e descargar o modelo de comunicación previa (<https://www.corunha.gal/descarga/1453918865460/Comunicacion-previa-San-Juan.pdf>)



Concello da Coruña

- O Concello pon á disposición da cidadanía consellos e recomendacións sobre a seguridade destas actividades no apartado de Seguridade Cidadá, accesibles na seguinte ligazón:

<https://www.corunha.gal/seguridadciudadana/es/recomendaciones/detalle-de-contenidos/consejos-y-recomendaciones-para-las-actividades-estivales-referidas-a-churrascadas-sardinadas-y/contenido/1453607380437>

- As actividades mencionadas deberanse realizar entre as 13.00 e as 16.00 horas e entre as 20.00 e as 00.00 horas.
- Deberá gardarse unha distancia de seguridade a elementos combustibles ou que poidan resultar danados (mobiliario urbano, vehículos, cristaleiras, colectores do lixo, zonas agrícolas ou forestais etc.) e a instalacións de risco (liñas eléctricas, tubaxes de gas etc.).
- A distancia de grellas e grelladas ao arboredo será, cando menos, de 10 metros.
- A grella ou similar non poderá estar apoiada directamente no pavimento nin na vexetación; deberá situarse ou ben elevada do chan ou ben empregando unha prancha metálica separada do pavimento cunha capa de area dun mínimo de 10 cm de altura.
- Non está permitido usar combustibles líquidos nin acelerantes nas sardiñadas, grelladas ou similares. Non se poderán queimar materiais plásticos, madeira lacada, escumas nin outros materiais tóxicos ou que produzan fumes tóxicos.
- As beirarrúas deberán quedar libres para permitir o tránsito peonil e o lume conservarase en pequenas dimensións, de forma que poida ser controlado en todo momento.
- A saída de fume debe ser libre cara ao exterior e non poderá estar cuberta de instalacións do tipo carpas, toldos, lonas, etc.
- Ao rematar, e antes de abandonar o lugar, as persoas responsables da organización coidarán de que as cinzas queden totalmente apagadas. Se for preciso, empregarán auga e area.
- Será obrigatorio limpar o espazo autorizado, incluídos os elementos utilizados para o seu desenvolvemento, inmediatamente despois de que remate a actividade. En caso contrario, aplicaranse os artigos procedentes da Ordenanza de xestión de residuos municipais e limpeza viaria relativos a gastos de limpeza e sancións.
- O Concello recomenda minimizar os residuos, empregando, na medida do posible, vaixela e cubertos reutilizables ou, no seu defecto, papel e cartón. Os residuos serán depositados nos contedores correspondentes de orgánico, envases, resto, papel e vidro.
- Tendo en conta que estas actividades se levan a cabo en datas comprendidas dentro da época de máximo perigo de incendios forestais, sempre se estará ao disposto pola Consellería de Medio Rural no referente ao índice de risco de incendio e ás posibles prohibicións derivadas del.



2. NORMA ESPECIAL PARA A NOITE DE SAN XOÁN PARA A CIDADANÍA EN XERAL.

- Sen prexuízo do anterior e de forma excepcional, NA NOITE DO DÍA 23 DE XUÑO, poderán organizarse sardiñadas, grelladas e similares, **previa comunicación por escrito** á Área de Seguridade Cidadá, sempre e cando non ocupen calzadas nin entorpezan a circulación de vehículos e cumpran co resto das normas comúns contidas neste bando.

3. NORMA ESPECIAL PARA OS ESTABLECEMENTOS DE OCIO E HOSTALERIA NA NOITE DE SAN XOÁN.

- Sen prexuízo do anterior e de forma excepcional, NA NOITE DO DÍA 23 DE XUÑO, aqueles establecementos de ocio e hostalería que o desexen poderán organizar sardiñadas, grelladas e similares, **previa comunicación por escrito** á Área de Seguridade Cidadá, sempre e cando non afecte á circulación de vehículos. Para a organización de ditas actividades e sen necesidade previa de comunicación, tamén se permite a instalación no espazo de titularidade municipal daqueles elementos necesarios como servizo de apoio tales como neveiras, mostradores, barras ou similares, así como actuacións de música en directo e aparellos reprodutores de son. Para tal fin poderanse instalar tarimas dun chanzo sen conexión eléctrica. Ditas actividades deberán garantir a seguridade e accesibilidade no espazo de titularidade municipal, así como cumprir co resto das normas comúns contidas no parágrafo anterior.
- Para todas aquelas actividades propostas que **excedan do estipulado neste bando**, deberá presentarse unha solicitude ante a Área de Mobilidade para o seu análise.

4. AMPLIACIÓN DE HORARIO.

- Autorízase ampliar o horario dos establecementos destinados a hostalaría, restauración e ocio desta cidade en 2 horas, na noite de San Xoán, consonte o artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro e o artigo 9 da Orde do 23 de outubro do 2020.
- As actividades desenvolveranse segundo a habilitación coa que contén, e baixo as condicións ás que se somete dita habilitación administrativa.

5. CONDICIÓN PARA REALIZAR AS FOGUEIRAS



Concello da Coruña

- **NA NOITE DO DÍA 23 DE XUÑO** autorízase realizar fogueiras en espazos de titularidade pública. Para isto, será preciso que as persoas interesadas presenten unha **comunicación previa** por escrito á Área de Seguridade Cidadá.
- O Concello dispón na súa sede electrónica do procedemento para a presentación da comunicación previa (<https://www.corunha.gal/sanxoancomunicacionprevia>), no que poderá consultarse a información e descargar o modelo de comunicación previa (<https://www.corunha.gal/descarga/1453918865460/Comunicacion-previa-San-Juan.pdf>)
- O Concello pon á disposición da cidadanía consellos e recomendacións sobre a seguridade destas actividades no apartado de Seguridade Cidadá, accesibles na seguinte ligazón:
<https://www.corunha.gal/seguridadciudadana/es/recomendaciones/detalle-de-contenidos/consejos-y-recomendaciones-para-las-actividades-estivales-referidas-a-churrascadas-sardinadas-y/contenido/1453607380437>
- Durante as festas do San Xoán, segue vixente o disposto para zonas de exclusión e zonas de especiais coidados nas normas xerais deste bando.
- O horario para baixar o material para as fogueiras das praias da cidade será, atendendo ás táboas de mareas, a partir das 19.30 h do día 23 de xuño. O reparto de madeira a pé de praia producirase ás 19.00 horas.
- Prohíbese o baño nas praias da cidade desde o día 23 de xuño de 2026 ás 22.00 h até as 9.00 h do día 24 de xuño de 2026.
- O Concello habilitará este ano na praia de Riazor un espazo acotado entre a rúa Modesta Goicouría e a Fonte das Catalinas, no que previa reserva presentando unha comunicación previa (<https://www.corunha.gal/sanxoancomunicacionprevia>), as entidades interesadas disporán dunha parcela sinalizada na que poder estar na noite de San Xoán. As normas para este espazo serán ás mesmas que no resto da praia mais a autorización permitiralles o uso do espazo de forma segura. O obxectivo é que entidades sociais, culturais, deportivas ou veciñais podan contar cun espazo reservado e ao mesmo tempo se responsabilicen do mesmo, dado que as entidades que dispoñan de reserva, deberán entregar o espazo nas mesmas condicións que o recibiron.
- As fogueiras non poderán ter unha altura superior á que determinen os servizos de urxencias e seguridade municipais que as inspeccionen, e que en todo caso estará en función da súa localización, das distancias aos edificios e a outros elementos da contorna.
- Non se poderán realizar fogueiras preto de colectores de toda clase de residuos, vehículos, vivendas, etc. (segundo os criterios do punto anterior e sempre cunha separación mínima de 5 metros).



Concello da Coruña

- As fogueiras manterán unha distancia de 20 metros ao arboredo. Un radio de 5 metros con relación á fogueira estará libre de vexetación que poida arder. Non se poderá utilizar o arboredo para suxeitar cadros eléctricos, altofalantes, carteis, etc. nin obxectos punzantes para colgar neles calquera outro material ou elemento.
- Non está permitido o uso de combustibles líquidos nin de acelerantes. Así mesmo, está prohibido queimar plásticos, cauchos, rodas, colchóns, madeira lacada, gomaespuma e outros obxectos que poidan producir gases tóxicos, especialmente na praia, onde tampouco se queimarán mobles nin obxectos voluminosos e madeiras que leven puntas ou cravos.
- As fogueiras só se poderán acender protexendo o chan cunha capa de area mínima de 10 cm de espesor ou materiais semellantes.
- Queda terminantemente prohibido trasladar colectores de residuos e cambiar a súa localización, debido aos desaxustes que isto causa na recollida de lixo durante os días posteriores ao San Xoán.
- As fogueiras, sardiñadas e grelladas que se realicen deberán contar cun medio extintor de lume (extintores, caldeiros de auga ou area), co fin de afrontar calquera tipo de eventualidade.
- As praias deberán estar libres ás 6.00 h do 24 de xuño para que a concesionaria responsable do servizo de limpeza poida levar a cabo as actuacións necesarias para habilitar a praia para o seu uso común. Ante calquera urxencia que poida xurdir, os servizos de urxencia do Concello poden ordenar a evacuación obrigatoria da praia antes desta hora, baseándose en criterios de seguridade persoal e protección ambiental.
- Non está permitido baixar con vidro ás praias. Os residuos depositaranse nas zonas de recollida habilitadas para tal fin nos accesos á praia.
- Non está permitido a solta de globos de papel, farolillos chinos, voladores ou similares cuxo medio de ascensión sexa con lume nin a utilización de inchables.

6. CIRCULACIÓN NO PASEO MARÍTIMO

- O día 23 de xuño de 2026 pecharase a circulación no paseo marítimo na zona das praias de Riazor, Orzán e Matadoiro desde as 19.00 h. Os servizos de seguridade e urxencias restablecerán o tráfico segundo evolucionen as previsións dos ditos servizos.
- Facúltase ao director do Plan de autoprotección para modificar estes horarios se for necesario.



7. SERVIZOS DE SEGURIDADE E URXENCIAS

- Os servizos de seguridade e urxencias municipais (Policía Local, Servizo de Extinción de Incendios e Urxencias e o Servizo de Protección Civil) velarán polo cumprimento do regulado nesta disposición e no resto das ordenanzas municipais, de xeito que se as persoas responsables de instalación, actos, eventos (incluída a realización de fogueiras, sardiñadas, grelladas e similares) non as retiren ou non as modifiquen voluntariamente no caso de ser requiridos para iso por razón de seguridade, poidan acceder á súa retirada inmediata e traslado onde se considere necesario, sen prexuízo da iniciación, no seu caso, do expediente sancionador que puiden corresponder.
- En relación ás solicitudes achegadas de fogueiras, sardiñadas, churruscadas ou similares, o servizo de extinción de incendios seleccionará as que deban ser controladas e inspeccionadas, en función de criterios de perigo ou a súa experiencia que este servizo estime convenientes.

8. TRANSPORTE PÚBLICO

Con motivo da celebración da Noite de San Xoán e ao obxecto de reducir a utilización de vehículos particulares, deseñouse un dispositivo especial desde Praza de Pontevedra, consistente en lanzadeiras que ofrecerán unha frecuencia de 10 minutos cada unha e que realizarán a súa última saída de Praza de Pontevedra ás 02:30 horas do día 24 de xuño.

Mediante este dispositivo especial “Noite de San Xoán”, comunicarase a contorna de Praza de Pontevedra cos distintos barrios da cidade. Co obxecto de que resulte máis familiar a identificación do destino de cada unha das lanzadeiras, mantéñense os números das liñas e as súas denominacións, coincidentes con cada unha das zonas ás que prestan servizo.

A partir das 03:00 horas do día 24 de xuño quedará en servizo o “Búho”, con saídas ás horas en punto e ás medias. O servizo das horas seguirá o itinerario habitual; o das medias farao en sentido inverso, é dicir, primeiro pasará polos Castros continuando cara ao Castrillón. Realizarán a súa última saída ás 06:00 horas.

9. NORMAS XERAIS

9.1. Comunicación previa para as actividades correspondentes aos puntos 1 e 5 desde bando.

- A comunicación contará cunha declaración na que a persoa solicitante manifieste que cumpre os requisitos establecidos no bando para o exercicio da actividade, sen



Concello da Coruña

prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que ten atribuído o Concello.

- Na comunicación previa, identificarase como mínimo a dúas persoas maiores de idade. Deberá indicarse o nome, o NIF, o enderezo e o teléfono. Estas persoas responderán dos danos que se poidan causar tanto a terceiras persoas como no dominio público.
- A comunicación non supón ningunha excepción respecto do cumprimento das normativas sectoriais de ruído, lumes, etc. nin afectará aos dereitos de terceiras persoas.
- A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial de calquera dato ou información que se incorpore á comunicación determinará a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procedan.

9.2. Puntos violeta

Colocación de 1 Punto Violeta fixo situado na zona central situada entre a Delegación de Facenda e o ambulatorio San José e 3 Puntos Violeta Itinerantes, que percorreren todo o paseo marítimo, desde a zona das Escravas ata a fonte dos Surfeiros e os areas das praias do Orzán e Riazor. Estes puntos son espazos seguros que ofrecen información á cidadanía en xeral e, no seu caso, asesoramento e atención psicolóxica ás persoas que sufran violencias machistas, contando con persoal especializado no ámbito da psicoloxía. Con esta medida o Concello da Coruña contribuirá a favorecer o goce da Festa de San Xoán libre deste tipo de violencias. O horario de atención dos puntos será de 21:00 a 05:00 horas da mañá.

9.3. Zonas de exclusión e excepción

- Como norma xeral, non se permitirá realizar **churrascadas, sardiñadas nin fogueiras** en zonas forestais ou baixo o arboredo de parques e xardíns. As grellas e grelladas deben manter unha distancia mínima de 10 metros de distancia ao tronco das árbores. As fogueiras deben situarse a un mínimo de 20 metros do arboredo para evitar danos que aconteceron reiteradamente en anos anteriores.
- Nas zonas de exclusión non se poderá prender lume de ningún tipo, mentres que nas zonas de especiais coidados o Concello pode establecer limitacións.
- Son zonas de exclusión, onde non está permitido facer lume, a totalidade do trazado do oleoduto e gaseoduto de alta presión, o Parque de Bens, incluíndo a praia de Bens, o Monte de San Pedro, os Xardíns de Méndez Núñez, os Xardíns de San Carlos, a praza das Bárbaras e a contorna da Torre de Hércules, incluído o merendeiro das Lapas e a praia das Lapas e as calas dos Moros e de Durmideiras, sen prexuízo de que os servizos



Concello da Coruña

de Seguridade poidan designar algunha outra zona baseándose en criterios de protección das persoas e os bens públicos.

- A continuación, establécense zonas de especiais coidados, nas que o Concello pode establecer limitacións ou localizacións alternativas de cumprimento obrigado. O Concello poderá definir en todo momento outras zonas de especiais coidados.

ZONA DE ESPECIAL COIDADADO	ALTERNATIVA / NORMAS
Praza de Azcárraga, baixo o arboredo	Praza de Azcárraga, no perímetro sen arboredos.
San Pedro de Mezonzo, zona arborizada, cara á Rolda de Nelle	Situar na zona contraria ás árbores, cara a Félix Estrada ou baixar a altura das lapas.
Zona arborizada do Barrio das Flores	Manter distancia co arboredo e baixar a altura das lapas.
Parque de Santa Margarita	Só no anfiteatro. Evitar zonas arborizadas.
Zona arborizada fronte á estación de autobuses na rúa Cabaleiros	Enfronte, Marqués de Figueiroa.
Campo da Leña	Só fóra do perímetro arborizado ou situar o lume na praza das Atochas.
Campo de Marte	Só fóra do perímetro arborizado.
Praza de Monforte	Protexer o pavimento e baixar a altura das lapas.
Campos e contorna vexetada da Torre de Hércules	Parque de Carlos Casares, contorna do cárcere.



10. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

- As infraccións das presentes normas serán denunciadas, tramitadas e sancionadas de conformidade coa norma xurídica que resulte de aplicación en cada caso.
- Nos supostos recollidos na lexislación vixente e sempre que existan razóns de seguridade que o aconsellen, o Corpo de Policía Local poderá, como medida cautelar, comisar ou retirar todo tipo de materiais, instalación ou bens mobles en xeral, logo de llelo requirir ás persoas interesadas cando iso for posible. Se o comisado fose perecedoiro, destruírse ou entregáraselles a centros benéficos.

11. NORMAS COMPLEMENTARIAS

A Área de Seguridade Cidadá queda autorizada para ditar as instrucións complementarias que esixan as circunstancias e o desenvolvemento dos festexos.

12. VIXENCIA

O presente bando estará en vigor desde o día da súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello até as 00.00 h do 30 de xuño de 2026.

A Coruña, na data da sinatura electrónica do documento

A Alcaldesa
Inés Rey García